

GALICIA CALIDADE, S.A.
EXERCICIO 1997

**INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS
DE GALICIA**

CONTIDO DO INFORME

	<u>PÁXINA</u>
1.- INFORME DE FISCALIZACIÓN ELABORADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE ÁS CONTAS ANUAIS QUE SE XUNTAN.....	5
2.- CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 1997 CORRIXIDAS COS AXUSTES E RECLASIFICACIÓNS PROPOSTOS POLO CONSELLO DE CONTAS....	19
3.- MEMORANDO DE RECOMENDACIÓNS.....	23
4.- ALEGACIÓNS FORMULADAS POR GALICIA CALIDADE, S.A. Ó INFORME DE FISCALIZACIÓN CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 1997	31
5.- RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR GALICIA CALIDADE, S.A. Ó INFORME DE FISCALIZACIÓN CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 1997.....	49
6.- CONTAS ANUAIS FORMULADAS POR GALICIA CALIDADE, S.A. CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO ANUAL REMATADO O 31.12.97...	55

**1.- INFORME DE FISCALIZACIÓN ELABORADO POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA
CORRESPONDENTE ÁS CONTAS ANUAIS XUNTAS.**

CONTIDO DESTE INFORME

PÁXINA

I. INTRODUCCIÓN

<i>A. Antecedentes da fiscalización.....</i>	9
<i>B. Natureza e funcións de Galicia Calidade, S.A.....</i>	9

II. PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO 9

III. ACTIVIDADE DA SOCIEDADE

<i>A. Antecedentes.....</i>	10
<i>B. Obtención da licenza de uso.....</i>	10
<i>C. Empresas usuarias da marca Galicia Calidade.....</i>	11

IV. ANÁLISE DA ÁREA DE GASTOS

<i>A. Persoal.....</i>	11
<i>B. Contratación de bens e servizos.....</i>	11

V. REVISIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA..... 13

VI. CONCLUSIÓNS..... 17

I. INTRODUCCIÓN

A. Antecedentes da fiscalización

1.1. A sección de fiscalización do Consello de Contas, por acordo do 13 xullo de 1998, autorizou a fiscalización da sociedade Galicia Calidade, S.A. do exercicio 1997, ratificada posteriormente polo Pleno do Consello en reunión celebrada o 23.12.98.

B. Natureza e funcións de Galicia Calidade, S.A.

1.2. Galicia Calidade, S.A. é unha sociedade pública autonómica das reguladas no artigo 12.1.a) da Lei 11/92, do 7 de outubro, de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, coa finalidade de xestionar e autorizar o uso da marca “Galicia Calidade”, rexistrada e propiedade da Consellería de Industria e Comercio. A sociedade foi creada por Decreto 382/1994, do 15 de decembro, do Consello da Xunta, e constituíuse por escritura pública outorgada o 17 de xullo de 1995. O seu capital social é de 50.000.000 de pesetas, subscrito e desembolsado integramente pola Xunta de Galicia.

1.3. Aínda que nos estatutos se fixa o domicilio social na planta 4ª do edificio nº 5 do complexo administrativo de San Caetano, dependencias que ocupa a Consellería de Industria e Comercio, a sociedade desenvolve actualmente a súa actividade no polígono de Fontiñas, edificio Área Central, local 31-M, 1ª planta, en Santiago de Compostela.

O obxecto social de Galicia Calidade, S.A. é a xestión e administración en xeral da marca “Galicia Calidade”, e en particular outorgar as licencias de marca exercendo medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade e características dos produtos e servizos elaborados ou distribuídos ó amparo da mesma.

1.4. Os órganos de goberno da sociedade son: a Xunta xeral de accionistas e o Consello de administración.

O Consello de administración está integrado por cinco membros, representantes de catro centros xestores independentes.

Presidente:

- Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia.

Vocais:

- representante da Consellería de Industria e Comercio
- representante de Agricultura, Gandería e Montes
- representante de Pesca, Marisqueo e Acuicultura
- representante do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

Asistidos por un secretario, que será elixido polo consello a proposta do presidente, debendo ser licenciado en Dereito.

II. PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO.

2.1. A Lei 11/92, do 7 de outubro, de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, no seu artigo 83, obriga ás sociedades públicas a elaborar anualmente un programa de actuación, investimentos e financiamento (PAIF) no que se amosará a planificación xeral da súa actividade, fixando obxectivos a medio prazo, así como os do propio exercicio.

Tamén se indica que deberá conter un orzamento de explotación e de capital onde se detallen os investimentos a realizar, así como a súa fonte de financiamento. Por último, deberanse expoñer os obxectivos a alcanzar nun marco plurianual e as características básicas da súa actividade económica.

2.2. No exercicio fiscalizado, a sociedade non presenta o preceptivo programa de actuación (PAIF), limitándose a elaborar un orzamento, aprobado polo consello de administración en reunión do 18.02.97, claramente insuficiente por canto, e segundo os datos facilitados pola propia entidade, presentan cuantiosas desviacións ó alza.

En efecto:

	ORZAMENTADO	EXECUTADO
Ingresos	50.250.000	88.182.583
Gastos	50.250.000	99.913.626
Diferencia:	0	(11.731.043)

É dicir, que partindo dun orzamento nivelado, liquídase cun déficit de 11.731.043 pesetas, importe global que será matizado nos axustes que se poñen neste informe.

Cómpre sinalar que as diferencias máis significativas débense a aumentos experimentados nos seguintes conceptos:

Ingresos.

	ORZAMENTADO	EXECUTADO
Ingresos por actividade	--	16.549.450
Convenio Consellería Industria	--	21.000.000

Gastos.

	ORZAMENTADO	EXECUTADO
Estudios e traballos técnicos	6.000.000	63.557.440

III. ACTIVIDADE DA SOCIEDADE.

A. Antecedentes.

Galicia Calidade, S.A. créase por vontade da Xunta de Galicia, e en particular da Consellería de Industria e Comercio, para dar continuidade ás campañas institucionais nadas en 1991 de promoción de produtos galegos.

O obxectivo de Galicia Calidade, S.A. é actuar como garantía de produtos ou servizos que o empresario xa acreditado lance ó mercado. É dicir, a sociedade o que pretende é indicar, prometer e dar confianza ós consumidores de que o produto ou servizo cuberto por ela reúne unhas características e un determinado nivel de calidade que ven garantido polo control que ó efecto leva a cabo a Administración, xa sexa de maneira directa ou indirecta.

B. Obtención da licenza de uso.

Para que unha empresa poida obter a licenza de uso da marca de “Galicia Calidade”, precisa recorrer o proceso seguinte:

b.1. Efectuar solicitude ante a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, acompañada de documentación básica administrativa da empresa solicitante.

b.2. Memoria descriptiva co seguinte contido: características da empresa e o seu proceso de fabricación; produtos ós cales quere aplicar a marca; certificación da oficina española de patentes que acredite a concesión da marca do produto ó cal se aplicará; situación das instalacións, procedencia e cantidade das materias primas que se empregan na súa fabricación, capacidade de mercado, infraestrutura dispoñible na empresa para realizar controles, así como o programa de ensaios e comprobacións existentes.

Por último, en tal memoria describirase o modo no que se vai a usar a marca complementaria, e en particular a súa localización en etiquetas, envases ou outro medio de presentación do produto.

Unha vez vista a solicitude e estudiada a memoria, se se cree conveniente a autorización de uso da marca, elaborárase un prego de condicións ó que debe someterse o produto ou servizo ó que se quere aplicar a marca de garantía.

O petionario poderá facer cantas consideracións estime pertinentes sobre o contido da proposta para proceder ó seu estudo e valoración antes de formular o definitivo prego de condicións.

Unha vez aceptado polo solicitante, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo outorgará a correspondente autorización cunha duración inicial dun ano, que poderá renovarse tras acordo das partes, establecendo as novas condicións do eventual contrato.

A tarifa anual a satisfacer nítrese dun fixo en función do tramo de facturación no que se atope a empresa ó que se adiciona unha porcentaxe da súa facturación real do produto.

O cadro de tarifación, aprobado o 17.06.97, é o seguinte:

FACTURACIÓN POR PRODUCTO	FIXO A PAGAR	PORCENTAXE SOBRE FACTURACIÓN
De 0 a 1.000 millóns	200.000 ptas.	0,14
De 1.000 a 2.000 millóns	300.000 ptas.	0,13
De 2.000 a 5.000 millóns	500.000 ptas.	0,12
De 5.000 a 10.000 millóns	2.500.000 ptas.	0,08
De 10.000 a 50.000 millóns	7.500.000 ptas.	0,03
Máis de 50.000 millóns	17.500.000 ptas.	0,01

C. Empresas usuarias da marca Galicia Calidade.

Desde o 10 de xullo de 1996, no que Galicia Calidade, S.A. inicia a súa captación de empresas visitando "Hijos de Rivera, S.A.", ata final de ano, do total de 15 empresas visitadas, foron seis as solicitantes ás cales se lles outorgou a licencia de uso da marca, mentres que as nove restantes non mostraron interese por unirse ó proxecto de forma inmediata.

As empresas que gozaron de licencia no exercicio 1997 obtivérona o 03.07.97, e foron as seguintes: Jesús Alonso, S.A., (Jealsa), para conservas comercializadas baixo a marca comercial "Rianxeira"; Cooperativas Ourensanas S.C.L., Coren, para o polo de corral; Hijos de Rivera, S.A., para cervexa "Estrella Galicia - Especial"; Leyma, alimentos de Galicia, S.A., para leite semidesnatada, desnatada e enriquecida; Productos Koala, S.A., para material eléctrico; Citroën Hispania, S.A., para Citroën Berlingo.

IV. ANÁLISE DA ÁREA DE GASTOS.

A. Persoal.

O artigo 24 dos estatutos da sociedade faculta ó presidente para propoñer ó consello de administración o nomeamento do director - xerente, así como nombrar ó resto do persoal.

Segundo acordo de 12.03.96 o posto é ocupado desde o inicio das actividades pola actual directora-xerente.

En data 01.04.96 contrátase un enxeñeiro agrónomo, como apoio á dirección - xerencia, desempeñando á vez funcións administrativas.

En abril de 1997 causa alta unha administrativa, pasando o enxeñeiro agrónomo a desempeñar funcións técnicas. O 27.11.97 ingresa na sociedade un director técnico comercial, que situado entre a directora - xerente e o técnico ocúpase das relacións coas empresas ás que se lles outorga a marca de garantía, que causaríaa baixa o 08.01.98 durante o período de proba.

Na selección da directora - xerente, elixida a proposta do presidente da sociedade, non se xustifica o respecto ós principios de igualdade, mérito e capacidade, especialmente necesarios para a cobertura dun posto que entendemos require un coñecemento singular da realidade económico - social de Galicia e do tecido industrial galego.

No exercicio auditado, o importe satisfeito en concepto de dietas por asistencia ós conselleiros foi de 2.480.000 pesetas, cuantía que supón o 13% dos gastos de persoal, resultado das dez reunións do consello de administración.

B. Contratación de bens e servizos.

Desde a súa posta en marcha, efectuáronse accións en materia de comunicación e publicidade que, independentemente da análise realizada na revisión económico-financiera deste informe, detallamos a continuación:

a) Con cargo a subvencións de capital do exercicio 1996, asínase un contrato de patrocinio co motociclista galego José M^a Martín Vázquez para que en determinadas competicións dé publicidade á marca e difunda o logotipo de Galicia Calidade, por un importe total de 10.000.000 de pesetas.

b) Con cargo ás do exercicio 1997, subscríbese un contrato de patrocinio co Clube de Regatas de Perillo, para exhibir o logotipo de Galicia Calidade

nas súas embarcacións durante os exercicios 97, 98 e 99, por un total de 3.000.000 de pesetas.

Tamén se contrata a participación do barco “Galicia Calidade” co slogan “Galicia, la fuerza del viento”, na regata IX Trofeo Ermenegildo Zegna, celebrada no Real Club Náutico de Barcelona, entre os días 22 ó 25 de maio de 1997, por un importe de 2.750.000 pesetas, e a participación do barco “Galicia Calidade” na regata XVI Trofeo Osborne, celebrada no Puerto de Santa María, entre os días 27 ó 31 de agosto de 1997, por un importe de 3.000.000 de pesetas.

Dentro das campañas en medios de comunicación, contrátase a emisión dun vídeo de publicidade por televisión no mes de decembro 97, de difusión no ámbito galego a través de TVG e en TV1, TV2 e Antena 3 nos seus cortes rexionais.

O custo da realización deste vídeo ascendeu a 46.000.000 de pesetas, dos cales a Consellería de Industria e Comercio aportou 21.000.000 de pesetas, mentres que os 25.000.000 restantes foron desembolsados por Galicia Calidade, S.A. A súa difusión supuxo outros 20.000.000 de pesetas, 15 dos cales foron aboados pola Consellería de Industria e Comercio, e os cinco restantes pola sociedade.

- Así mesmo, realizouse diversa difusión na prensa, coa aparición do logotipo de Galicia Calidade, destacando polo seu importe un anuncio no xornal ABC o 30.09.97, por 1.198.000 pesetas.

c) No exercicio 1998, en data 17 de xuño, asínase en París un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Real Federación Española de Fútbol, mediante o cal a Federación comprométese a alimentar ós integrantes das seleccións nacionais de fútbol con produtos agroalimentarios galegos con garantía de calidade, e a insertar o logotipo da marca en calquera acto que realicen as seleccións españolas.

A Xunta de Galicia oblígase a pagar 110.000.000 de pesetas, cun reparto de 55.000.000 de pesetas a Consellería de Industria e Comercio, e outro tanto a Consellería de Agricultura. A sociedade Galicia Calidade, S.A., participa cunha

aportación de 400.000 pesetas por aluguer dun camión rotulado coa marca de garantía, para transportar a Francia, sede do mundial de fútbol, os produtos galegos.

En 1998, á data de redacción deste informe, as actuacións en materia de comunicación foron as seguintes:

- 55 pases de 30 segundos no circuito territorial de TVE en Madrid do vídeo promocional, por importe de 9.400.000 pesetas.
- Deseño e realización dun stand para o desenvolvemento da imaxe Galicia Calidade e empresas titulares de tal marca, por importe de 2.200.000 pesetas.

Da análise de tales contratacións despréndese que:

- O patrocinio dun motociclista profesional, así como o do clube de regatas Perillo, e a participación do barco “Galicia Calidade” nas regatas mencionadas anteriormente, realízanse directamente e de maneira discrecional, sen que conste a existencia de publicidade, nin se xustifique a obxectividade nin motivos de tal elección.

- No terceiro trimestre de 1997 convócase un concurso para a realización dun vídeo promocional que levará vinculados posteriormente outros traballos anexos. A este concurso presentáronse unicamente dúas empresas, Misael Campo Asociados de Publicidade, S.L. e Luis Ferreira Asociados, S.L., resultando adjudicataria esta última, constituída en marzo de 1996, que aparece logo como provedor de tódolos outros servizos anexos a ese contrato. Ó respecto, resaltar que dos 77.497.000 pesetas a que ascendeu o total de gastos por servizos exteriores en 1997, Luis Ferreira Asociados, S.L. facturou 62.100.000 pesetas. A improvisación na súa convocatoria, a escasa publicidade con que se anuncia, a similitude das ofertas presentadas e a mencionada concentración contractual denotan a posible existencia dunha adjudicación directa encuberta que implica en definitiva unha concentración de risco na sociedade e o desinterese da mesma en recibir ofertas suficientes depuradas polo mercado.

- Tales actuacións publicitarias foron efectuadas á marxe das empresas que participan da marca Galicia Calidade, dun xeito descoordinado, sen definir claramente unha estratexia a seguir e sen conseguir resultados significativos en canto á captación de novas empresas. Ademais, a difusión do vídeo exclusivamente na propia Comunidade Autónoma parece máis propaganda institucional que vehículo para que o mercado externo coñeza que é e que quere significar Galicia Calidade, actuación esta última que acercaría á sociedade a ese umbral de rendibilidade desexable para unha sociedade mercantil.

V. REVISIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA.

Auditamos as contas anuais de Galicia Calidade, S.A. que comprenden o balance de situación a 31 de decembro de 1997, a conta de perdas e ganancias e a memoria correspondente ó exercicio anual, sendo a súa formulación responsabilidade dos administradores da sociedade.

O noso traballo e responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais, e a valoración da súa presentación, dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

De acordo coa lexislación mercantil, os administradores presentan, a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance, e da conta de perdas e ganancias, ademais das cifras do exercicio 1997, as correspondentes ó exercicio anterior, que non foron auditadas por este Consello de Contas, polo que a nosa opinión se refire exclusivamente ás contas anuais do exercicio 1997.

En base ó alcance determinado nos parágrafos anteriores, as incidencias detectadas son as seguintes:

5.1. As subvencións concedidas a Galicia Calidade, S.A. no exercicio 1997 polo seu único accionista, a

Comunidade Autónoma de Galicia, ascenderon a 86.000.000 de pesetas, distribuídas do seguinte xeito:

Tipo subv.	Pte. imputar Resultados 31.12.96	Total percibido 1997	Imputación resultados 1997	Pte. imputar Resultados 31.12.97
Subv. Capital	15.949.000	51.000.000	31.773.000	35.176.000
Subv. Explotac.	--	35.000.000	35.000.000	---
Total:	15.949.000	86.000.000	66.773.000	35.176.000

A. Respecto á subvención de capital.

No Plano Xeral de Contabilidade defínense as subvencións de capital como aquelas concedidas pola Administración para o establecemento ou estrutura fixa da empresa, cando non sexan reintegrables.

No exercicio 1996, a sociedade contabilizou como subvencións de capital 16.732.000 pesetas, cando a variación da súa estrutura fixa foi de 3.749.000 pesetas en “inmobilizacións materiais”. Á súa vez aplica a resultados un importe de 782.000 pesetas, cando debeu facelo pola amortización de tal investimento, é dicir, 125.000 pesetas.

No exercicio 1997, a sociedade contabiliza como subvencións de capital un total de 51.000.000 de pesetas, sendo o investimento realizado na súa estrutura fixa (adicións netas ó custo) de 346.000 pesetas. Aplica a resultados un importe de 31.773.000 pesetas cando debeu facelo pola amortización da súa estrutura fixa no exercicio, é dicir, por 574.000 pesetas. Isto supón unha sobrevaloración do resultado do exercicio en 31.199.000 pesetas (diferencia entre o imputado como ingreso do exercicio, 31.773.000 pesetas, e o que se debeu imputar, 574.000 pesetas).

Por outro lado, o saldo da partida “ingresos a distribuír en varios exercicios” do pasivo do balance de situación, está sobrevalorado en 31.781.000 pesetas, que expresa a diferenza entre o saldo final deste epígrafe contable nas contas anuais formuladas pola sociedade a 31.12.97, 35.176.000 pesetas, e o que debería reflectir en función ás variacións reais producidas na súa estrutura fixa, 3.396.000 pesetas, consistentes nos investimentos habidos menos as amortizacións aplicadas.

Á súa vez, do total imputado por Galicia Calidade, S.A. a subvencións de capital, 16.732.000 pesetas en 1996 e 51.000.000 de pesetas en 1997, tan só corresponden a tal denominación 4.095.000 pesetas (incremento da estrutura fixa da sociedade en ambos exercicios) sendo as restantes 63.637.000 pesetas “aportacións de socios para compensación de perdas”, partida que forma parte dos “fondos propios” do pasivo do balance de situación.

Este criterio ven avalado tamén pola propia consignación orzamental da Xunta de Galicia, que considera estes gastos maioritariamente como investimentos en capital cando, tal e como mencionamos anteriormente, serven basicamente para cubrir gastos de funcionamento. É dicir, que gastos tipicamente publicitarios figuran, a efectos da contabilidade do órgano concedente como gastos de capital.

O exposto no parágrafo anterior lévanos a considerar que podería ser necesario un cambio de criterio na técnica de orzamentación no que respecta a este tipo de gastos e á súa consideración como tales mediante a súa inclusión en gasto de funcionamento a través do capítulo IV - Transferencias correntes.

B. Respecto á subvención de explotación.

A sociedade Galicia Calidade, S.A. ten personalidade xurídica propia e está suxeita, como sociedade anónima, a un réxime xurídico, fiscal e contable determinado, con independencia da consideración do carácter lucrativo da súa actividade, ou da aplicación doutra regulamentación que afecte a outros aspectos da súa finalidade. Polo tanto son de aplicación as normas de valoración establecidas no Plano xeral de contabilidade, aprobado por Real Decreto 1643/1990, do 20 de decembro, sen prexuízo do establecido en normativa complementaria.

As subvencións concedidas a Galicia Calidade, S.A., tanto de capital como de explotación, non se concretan en determinados contratos-programas ou sistemas similares nos que se establezan as actividades ou investimentos

específicos que se subvencionan, diferenciadas de aquelas outras que non se consideren subvencionables, e tampouco existe obriga de devolver as subvencións percibidas en caso de incumprimento de actividades determinadas. As actividades relacionadas coa divulgación da marca de garantía “Galicia Calidade” constitúen o obxecto social de Galicia Calidade, S.A. e polo tanto trátase de actividades propias do tráfico da sociedade. Adicionalmente, as subvencións foron concedidas polo único socio, a Xunta de Galicia, polo que se dan as características requeridas polo ICAC (Boletín nº9 de abril de 1992), en resposta á consulta formulada sobre o tratamento contable a aplicar ás subvencións de explotación para que teñan a consideración de “Aportacións de socios para compensación de perdas”.

En consecuencia, dunha aplicación estricta do anterior criterio resultaría que o resultado do exercicio 1997 estaría sobrevalorado en 35.000.000 de pesetas e o epígrafe “Aportacións de socios para compensación de perdas” infravalorado no mesmo importe.

Non obstante, derivado da desproporcionada repercusión que tal axuste suporía con respecto ó resultado contable do exercicio e da relativamente recente posta en marcha da sociedade, estimamos a oportunidade de considerar este importe como ingresos do exercicio 1997, agardando que para exercicios futuros se subscriba o correspondente contrato-programa que regule estas subvencións tanto nas cuantías como nas causas de concesión.

5.2. No activo do balance de situación a 31 de decembro de 1997 figura un saldo relativo ó inmovilizado neto da sociedade, por un importe total de 6.522.000 pesetas, unha vez practicadas as amortizacións, co seguinte detalle:

Concepto	Importe
Gastos de establecemento	350.000
Inmovilizado material	5.858.000
Inmovilizacións financeiras	314.000
Total:	6.522.000

Respecto á valoración destes saldos, manifestamos o seguinte:

Dentro do inmovilizado material inclúese o custo da obra realizada polo provedor PROINCASA, consistente no acondicionamento do local, en réxime de aluguer, onde se atopa a sede social, que ascendeu a 2.500.000 pesetas.

Os gastos necesarios de acondicionamento de locais propiedade de terceiros, que non aumentan a capacidade dos mesmos nin a súa vida útil, deben considerarse como gastos do exercicio no que foron incorridos. En consecuencia, tendo en conta o manifestado anteriormente, e unha vez deducidas as amortizacións xa aplicadas, supón que tanto o inmovilizado material como o resultado do exercicio 1996 atópanse sobrevalorados respectivamente en 2.416.000 pesetas e 2.466.000 pesetas e que o resultado do exercicio 1997 está infravalorado en 50.000 pesetas, importe da amortización aplicada por este concepto.

O efecto detállase neste cadro:

	Activo	Resultado	Reservas
	-----	-----	-----
Inmovilizado material	(2.416.000)		
Resultado 97		50.000	
Resultado 96			(2.466.000)
Total:	(2.416.000)	50.000	(2.466.000)

5.3. O resto do activo do balance de situación, é dicir, o activo circulante, presenta un saldo de 102.165.000 pesetas, co seguinte detalle:

Concepto	Importe
-----	-----
Debedores	36.103.000
Investimentos financeiros temporais	10.000
Tesourería	46.302.000
Axustes periodificación	19.750.000
Total:	102.165.000

Ó respecto manifestamos:

a) O saldo de debedores inclúe á Facenda Pública Debedora por IVA soportado, por un importe de 11.242.000 pesetas, correspondente ós exercicios 1996 e 1997.

Saldo a compensar a 31.12.96: 2.832.000

Saldo a compensar a 31.12.97: 11.242.000

Con data 22.10.97 notificábase da delegación provincial da Administración Tributaria que, transcurrido un período superior ó ano desde a presentación da correspondente declaración de solicitude de deducción de cotas soportadas con anterioridade ó comezo das actividades, sen terse iniciado as mesmas, non procede cantidade algunha a compensar relativa ó exercicio 1996, segundo o artigo 111 da Lei 37/1992, do 23 de decembro, relativa ó imposto sobre o valor acrescentado.

É dicir, que se incumpre a normativa aplicable ás deducións previas ó comezo das actividades, o que supón unha minoración do saldo debedor por importe de 2.832.000 pesetas, así como do resultado do exercicio 1996.

b) A sociedade incorre en 1997 nun gasto por importe de 39.500.000 pesetas pola produción e realización dun vídeo como estratexia de comunicación da marca de garantía "Galicia Calidade". Tal vídeo emítese finalmente no mes de decembro pola televisión de cobertura rexional.

Non obstante, a sociedade considera que tal gasto debe imputarse ós exercicios 1997 e 1998, a partes iguais, ó entender que tal spot publicitario utilizarase, como mínimo, en dous exercicios. É dicir, contabiliza unicamente 19.750.000 pesetas como gasto do exercicio 1997, activando como axustes por periodificación os 19.750.000 pesetas restantes, que son os que figuran no activo do balance de situación a 31.12.97.

Os axustes por periodificación deben ser anotacións contables dirixidas a acomodar as correntes de ingresos e gastos contabilizadas no exercicio a aquelas efectivamente devengadas no mesmo. É dicir, aqueles gastos que, aínda que se contabilizan nun exercicio determinado, non están consumidos, debendo imputarse ó exercicio seguinte na parte proporcional.

Os custos da propaganda por televisión deben levarse a gastos cando se efectúan as emisións. No caso dos custos de produción, poderían, en determinados casos, distribuírse entre

varios períodos mediante a súa activación e posteriores amortizacións.

Galicia Calidade, S.A. asina contrato de emisión do vídeo promocional para o exercicio 1997, sen que exista ningún compromiso de facelo no exercicio seguinte, polo cal non procede que os gastos ocasionados pola produción de tal vídeo se trasladen na metade do seu custo ó exercicio 1998.

O efecto de tal axuste supón un maior gasto do exercicio 1997 por 19.750.000 pesetas e unha minoración do activo circulante, “axustes por periodificación”, polo mesmo importe.

5.4. No epígrafe contable “importe neto da cifra de negocios”, da conta de perdas e ganancias, figuran os ingresos xerados pola cesión das licencias de uso da marca “Galicia Calidade”, cun importe total de 25.949.000 pesetas, que presenta o seguinte detalle:

Empresa	Importe
Hijos de Rivera, S.A.	5.000.000
Jealsa	11.000.000
Leyma, S.A.	2.449.000
Coren, S.C.L.	5.900.000
Koala, S.A.	1.600.000
Citroën Hispania, S.A.	---
Total:	25.949.000

a) Este importe final é inferior ó que resultaría da aplicación das tarifas aprobadas polo consello de administración da sociedade, toda vez que se aplican descontos por motivos varios, o que significa unha política pouco rigurosa na xestión dos ingresos por parte da sociedade.

b) O importe a pagar neste concepto por Citroën Hispania, S.A. sería de 17.900.000 pesetas, segundo a tabla de tarifas mencionada no parágrafo III-B. Non obstante, ante a imposibilidade de percibir desa empresa tal importe, negociouse o cobro da cantidade total en contraprestación publicitaria. A sociedade non reflicte na súa contabilidade o ingreso e o gasto correspondentes, vulnerando o principio de non compensación establecido no plano xeral de contabilidade. Isto supón que tanto os ingresos por vendas como os

gastos por servicios exteriores están infravalorados en tal importe.

Por outro lado, non existe contrato nin documentación algunha xustificativa do detalle de tal contraprestación publicitaria, nin da súa valoración, o que supón unha falta de control interno da sociedade, así como a imposibilidade de avaliar o resultado desta operación.

5.5. A sociedade contabiliza no epígrafe “consumos de explotación”, da conta de perdas e ganancias, gastos por servicios de traducción, realizados mediante unha empresa de traballo temporal, por un importe total de 1.926.000 pesetas. Dada a natureza do gasto, non relacionado directamente co proceso productivo da sociedade, procedería a súa contabilización no epígrafe “servicios exteriores” da conta de perdas e ganancias.

Esta incorrecta contabilización provoca unha distorsión na información que reflicte a conta de perdas e ganancias.

Co recurso a esta empresa de traballo temporal para a realización deste servicio, a sociedade prescinde da normativa vixente para contratación de persoal temporal, aplicable ás sociedades públicas, co cal non queda suficientemente garantido o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

5.6. Determinadas operacións contabilízanse no exercicio 1998, cando o seu devengo se produce en 1997:

a) Diferencias no importe dos seguros sociais do mes de decembro de 1997, contabilizadas en xaneiro de 1998, por 127.000 pesetas.

b) Liquidación por despido do director comercial por importe de 209.000 pesetas.

O efecto de tales axustes supoñen un maior gasto do exercicio 1997 por importe de 336.000 pesetas.

5.7. A fonte de financiamento principal da sociedade provén das aportacións da Comunidade Autónoma de Galicia. En consecuencia, a continuidade das súas operacións, así como a realización dos seus activos e a liquidación dos pasivos, está condicionada á continuidade de tal apoio financeiro.

VI. CONCLUSIÓNS.

6.1. Sobre a natureza xurídica.

Da análise da xestión de Galicia Calidade, S.A. púxose de manifesto que as actuacións asumidas pola Administración nesta materia, unido ó feito de que leve a cabo aínda hoxe directamente funcións propias do obxecto social de Galicia Calidade, S.A. e a escasa identidade creada pola empresa cara a potenciais clientes que seguen vendo nas súas accións á propia Consellería de Industria, fan que Galicia Calidade, S.A. non posúa unha autonomía operativa e financeira suficiente que xustifique o desenvolvemento do seu obxecto a través dunha empresa mercantil.

6.2. Sobre as actividades realizadas.

Á data de redacción deste informe, o número de usuarios da licencia de uso da marca de garantía ascendía a 11 empresas. Tendo en conta o ritmo de captación de clientes, non parece factible que poida alcanzarse unha mínima representatividade, tanto en número como en sectores productivos, do tecido industrial galego nun prazo razoable de tempo.

O escaso número de clientes ten o seu reflexo inmediato no importe da cifra de negocios, que representa, no exercicio auditado, o 35% dos gastos de explotación, despois dos axustes propostos neste informe. É dicir, queda todavía lonxe do umbral de rendibilidade desexable para unha sociedade mercantil.

Os feitos descritos nos puntos anteriores poderían deberse á política de promoción da marca, carente dun plano estratéxico que marque as actuacións a seguir e que provoca que, á súa vez, os potenciais clientes vexan tales actuacións máis como

propaganda institucional que como promoción comercial do seu produto.

As actuacións de promoción seguidas pola sociedade a través do patrocinio de embarcacións e motociclistas profesionais, así como a utilización de canles de televisión de ámbito autonómico galego para a difusión dos seus vídeos promocionais, non parecen ser as máis idóneas cara á apertura de mercados no exterior de Galicia.

6.3. Sobre a contratación de bens e servicios.

A case totalidade das actividades realizadas pola sociedade en materia de comunicación contratáronse á sociedade Luis Ferreira Asociados, S.L., sen que na adxudicación do concurso celebrado para a realización do vídeo promocional, e que logo serviría para posteriores servicios anexos, se xustifiquen os motivos de tal elección.

A improvisación na súa convocatoria, a escasa publicidade con que se anuncia, a similitude das ofertas presentadas e a concentración contractual denotan a posible existencia dunha adxudicación directa encuberta que implica en definitiva unha concentración de risco na sociedade e o desinterese da mesma en recibir ofertas suficientes depuradas polo mercado.

6.4. Respecto ós estados financeiros.

Na nosa opinión, excepto polo efecto das salvidades expresadas nos parágrafos 5.1.a), 5.2., 5.3.a), 5.3.b), 5.4.b), 5.5. e 5.6., as contas anuais do exercicio 1997 anexas, expresan en tódolos aspectos significativos a imaxe do patrimonio e da situación financeira de Galicia Calidade, S.A. a 31 de decembro de 1997, e dos resultados das súas operacións e dos recursos obtidos e aplicados durante o exercicio anual rematado naquela data, e conteñen a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade con principios e normas contables xeralmente aceptados.

Santiago, 6 de novembro de 1998

Asdo.: Francisco J. Constenla Acasuso
Conselleiro da Área Institucional

**2.- CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 1997 CORRIXIDAS COS AXUSTES E RECLASIFICACIÓNS
PROPOSTOS POLO CONSELLO DE CONTAS**

GALICIA CALIDADE, S.A. BALANCE DE SITUACIÓN EJERCICIO 1997		Efecto de las salvedades cuantificables en la opinión de auditoría					GALICIA CALIDADE, S.A. BALANCE DE SITUACIÓN EJERCICIO 1997	
ACTIVO		Párrafo 5.1.a	Párrafo 5.2	Párrafo 5.3.a	Párrafo 5.3.b	Párrafo 5.6	Total Ajustes	Saldo a 31.12.97
B) Inmovilizado								
Gastos de establecimiento							0	350
Inmovilizaciones materiales		(2.416)					(2.416)	3.442
Inmovilizaciones financieras							0	314
D) Activo circulante								
Deudores				(2.832)			(2.832)	33.271
Inversiones financ. Temporales							0	10
Tesorería							0	46.302
Ajustes por periodificación			(19.750)				(19.750)	0
TOTAL ACTIVO.....							(24.998)	83.689
PASIVO								
A) Fondos propios								
Capital suscrito							0	50.000
Resultado ejercicios anteriores		(657)	(2.466)	(2.832)			(5.955)	(11.616)
Resultado ejercicio		(31.199)	50		(19.750)	(336)	(51.235)	(41.357)
Aportaciones socios comp. pérdidas		63.637					63.637	63.637
B) Ingr. a distrib. en varios ejerc.		(31.781)					(31.781)	3.395
E) Acreedores a corto plazo						336	336	19.630
TOTAL PASIVO.....							(24.998)	83.689

GALICIA CALIDADE, S.A. CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS EXERCICIO 1997		Efecto de las salvedades cuantificables en la opinión de auditoría						GALICIA CALIDADE, S.A. CUENTA DE PÉRDIDAS Y GANANCIAS EXERCICIO 1997 Corregida con ajustes de auditoría	
GASTOS	Miles de Pesetas	Párrafo 5.1.a	Párrafo 5.2	Párrafo 5.3.b	Párrafo 5.4.b	Párrafo 5.5	Párrafo 5.6	GASTOS	Miles de Pesetas
Consumos de explotación	1.926					(1.926)		Consumos de explotación	0
Gastos de personal	13.653							Gastos de personal	13.862
Sueldos y salarios	5.767						209	Sueldos y salarios	5.894
Cargas sociales							127	Cargas sociales	
Dotación amortiz. Inmov.	743		(50)					Dotación amortiz. Inmov.	693
Otros gastos explotación	57.748			19.750	17.900	1.926		Otros gastos explotación	97.324
Gastos extraordinarios	45							Gastos extraordinarios	45
Impuesto sobre sociedades	3.807							Impuesto sobre sociedades	3.807
TOTAL GASTOS	83.689							TOTAL GASTOS	121.625
INGRESOS								INGRESOS	
Ingresos de explotación	25.949							Ingresos de explotación	43.849
Importe neto cifra neg.	35.000				17.900		17.900	Importe neto cifra neg.	35.000
Otros ingresos explot.								Otros ingresos explot.	844
Ingresos financieros	844							Ingresos financieros	574
Subv. de capital transf. a ejerc.	31.773	(31.199)					(31.199)	Subv. de capital transf. a ejerc.	80.267
TOTAL INGRESOS	93.566							TOTAL INGRESOS	(41.358)
RESULTADO (Beneficio)	9.877							RESULTADO (Pérdida)	(41.358)

3.- MEMORANDO DE RECOMENDACIONES

RESUMO DE ASPECTOS REFERENTES Á MELLORA DA XESTIÓN E CONTROL INTERNO DE GALICIA CALIDADE, S.A.

ALCANCE DAS RECOMENDACIÓNS

Os feitos detectados que se indican a continuación puxéronse de manifesto como consecuencia da realización da auditoría de regularidade correspondente ó exercicio 1997.

ÍNDICE DE RECOMENDACIÓNS	PÁXINA
1. Tratamento contable das subvencións concedidas pola Comunidade Autónoma	27
2. Elaboración dun programa de actuación, investimentos e financiamento.....	27
3. Rexistro contable de ingresos por vendas da marca de garantía.....	28
4. Non contabilizar como inmovilizado material as reformas ou adecuacións que deben ter a consideración de gasto.....	28
5. Contratación de servizos exteriores.....	28
6. Viabilidade e continuidade da sociedade.....	29

1. TRATAMENTO CONTABLE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

A. Feito detectado.

As transferencias de explotación e a maior parte das de capital, concedidas pola Xunta de Galicia con cargo ós orzamentos xerais, son contabilizadas por Galicia Calidade, S.A. como ingresos cando o seu tratamento adecuado sería contabilizalas como “Aportacións de socios para compensación de perdas” (partida que forma parte dos fondos propios da sociedade) tanto a totalidade da subvención de explotación como a parte da subvención de capital que exceda do aplicado pola sociedade no seu establecemento ou estrutura fixa.

B. Problema que orixina.

Distorsión do balance de situación e conta de perdas e ganancias da sociedade, que non reflicten a situación real do resultado das operacións anuais e da estrutura patrimonial.

C. Recomendación.

C.1. Aplicar como subvencións de capital aquelas concedidas para o establecemento ou estrutura fixa da empresa, e non sexan reintegrables. O resto de axudas concedidas por tal concepto deben considerarse como “Aportacións de socios para compensación de perdas”.

C.2. En canto ás subvencións de explotación, subscribir contrato-programa ou sistema similar, no que se determinen as cuantías e as causas da concesión destas subvencións, que polo tanto non estarían establecidas para compensar perdas xenéricas. Nestes casos deberán lucir como un ingreso de explotación na conta de perdas e ganancias.

De non ser así, contabilizar as subvencións indicadas como “Aportacións de socios para compensación de perdas”. Todo iso de acordo co Boletín nº 9 de abril de 1992 do ICAC.

2. ELABORACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO.

A. Feito detectado.

Galicia Calidade, S.A. non presenta o PAIF esixido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (artigo 83), aplicable ás sociedades públicas, no cal se detallan as actuacións, investimentos e financiamento a levar a cabo, amosando a planificación xeral da súa actividade e os obxectivos que se queren conseguir, tanto do exercicio orzamentado como en exercicios seguintes (medio prazo).

Polo contrario, a sociedade presenta un orzamento para 1997, cunhas previsións en canto ó resultado a obter que defiren substancialmente do executado en tal ano.

B. Problemas que orixina.

B.1. Ó non especificar os obxectivos concretos da sociedade, así como os indicadores que permitan realizar avaliacións do grao de cumprimento, non poden realizarse mostraxes que permitan contrastar a eficacia e eficiencia da sociedade.

B.2. Falta de información adecuada, encamiñada á toma de decisións pola sociedade, que permitan corrixir, no transcurso do exercicio, as desviacións producidas.

C. Recomendación.

A sociedade deberá elaborar anualmente un programa de actuación, investimentos e financiamento que amose a planificación xeral da súa actividade a un nivel de agregación adecuado que permita apreciar os obxectivos que vai a conseguir a medio prazo e no ano económico correspondente ó exercicio orzamentado. Xunto cos obxectivos fixaranse indicadores que permitan valorar o nivel de execución de aqueles, así como o

grao de realización dos programas e dos recursos da sociedade.

3. REXISTRO CONTABLE DE INGRESOS POR VENDAS DA MARCA DE GARANTÍA.

A. Feito detectado.-

Galicia Calidade, S.A. concede licencia de uso da marca de garantía “Galicia Calidade” a unha empresa determinada sen percibir por eso o ingreso correspondente. Como contraprestación recibe publicidade da marca de garantía.

Na nosa opinión, a contrapartida en publicidade non debe ser considerada como desconto da venda, senón como un gasto, o que implica que os ingresos por vendas e os gastos por servizos exteriores están infravalorados no importe que, según tarifa, correspondería ingresar.

B. Problema que orixina.-

A conta de perdas e ganancias non recolle os saldos correctos das contas de ingresos por vendas e de gastos por servizos exteriores, pois ambos están infravalorados no importe correspondente.

C. Recomendación.-

Contabilizar as vendas polo seu importe, e a publicidade realizada como gasto do exercicio.

4. NON CONTABILIZAR COMO INMOBILIZADO MATERIAL AS REFORMAS OU ADECUACIÓNS QUE DEBEN TER A CONSIDERACIÓN DE GASTO.

A. Feito detectado.-

A sociedade contabiliza como inmovilizado material as reformas ou adecuacións habidas no

edificio que utiliza para a realización das súas actividades, que ten contratado en réxime de aluguer.

Tales reformas non supoñen aumento da capacidade do edificio, nin aumentan a súa vida útil.

B. Problemas que orixina.-

B.1. Distorsión das contas anuais, ó non ofrecer o balance de situación información correcta relativa ó valor contable do seu inmovilizado material.

B.2. Á súa vez, Galicia Calidade, S.A. practica anualmente amortizacións dun gasto que foi realizado nun exercicio determinado.

C. Recomendación.-

Adaptación das contas anuais ó estipulado no plano xeral de contabilidade, considerando como gasto do exercicio as reformas efectuadas no local que non supoñan maior valor do mesmo.

5. CONTRATACIÓN DE SERVICIOS EXTERIORES.

A. Feito detectado.-

Galicia Calidade, S.A. contrata cunha determinada empresa externa a case totalidade das actuacións realizadas en materia de comunicación, que ademais constitúen o seu obxecto social.

B. Problemas que orixina.-

B.1. Contratación das súas actuacións cunha única empresa, coa conseguinte concentración de risco.

B.2. Ausencia de diversidade de ofertas que garantan de maneira máis adecuada a consecución da imaxe que quere transmitir a sociedade.

C. Recomendación.-

Utilizar procedementos para a contratación de servizos e subministrados que garantan os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, deixando constancia documental dos motivos da elección efectuada, ou, se é o caso, da inadecuación destes principios para a economicidade de determinadas operacións.

6. VIABILIDADE E CONTINUIDADE DA SOCIEDADE.

A. Feito detectado.-

Galicia Calidade, S.A. carece dun plano estratéxico que defina as actuacións a seguir para desenvolver o seu obxecto social.

As actuacións realizadas ata a data, froito da premura, resultaron ineficaces cara ó coñecemento da marca polo público en xeral.

B. Problemas que orixina.-

B.1. Dificultade para a captación de novas empresas, que pon en dificultade a capacidade para alcanzar o umbral de rendibilidade desexable en toda sociedade mercantil.

B.2. Permanente necesidade de recurrir ós fondos públicos para o sosteñemento de Galicia Calidade, S.A., sen que esté claramente definido o interese social que o xustifique.

C. Recomendación.-

Elaboración e cumprimento dun plano estratéxico global que defina con claridade os obxectivos e actuacións necesarias en aras á consecución dos seus fins sociais, que procure a viabilidade da empresa e a súa continuidade.

No caso de que a evolución futura da sociedade non mellore o ritmo de crecemento observado ata a data, sería necesario considerar a disolución da sociedade, e o traspaso das súas funcións á Consellería de Industria e Comercio, tal e como se viña realizando con anterioridade á creación da sociedade.